

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese con carácter ordinario no Pazo provincial ás 12:30 h do día 22 de maio de 2026, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D. JAVIER TOURÍS ROMERO**, en substitución de D.^a LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, **D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.^a MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.^a DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.^a NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.^a MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 17 de abril de 2026.

2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CIRCUÍTO “+ESCÉNICAS” 2026 (Expte. 2026001823)

O presidente dá conta da aprobación da programación do circuítio “+Escénicas” 2026 pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 15 de maio de 2026 e que figura relacionada no documento con CSV: J70ACHZ4MD068O8W. Nesta edición 2026 serán un total de 137 funcións as solicitadas polos concellos, que se realizarán entre o 1 de abril de 2026 e o 31 de marzo de 2027 e que suman un orzamento subvencionado pola Deputación de cento oitenta e seis mil seiscientos trinta e nove con 30 euros (186.639,30 €).

As bases reguladoras da convocatoria 2026 deste circuítio de apoio á programación de artes escénicas en galego nos concellos de ata 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, publicáronse no BOPPO núm. 36, de 23 de febreiro de 2026. Nas mesmas recollíase a dotación orzamentaria de douscentos catro mil euros (204.000 €), con cargo á aplicación 26/330.3340.462.04, así como o réxime de cofinanciamento do orzamento de cada espectáculo entre a Deputación e os concellos, incluídos en todo caso os impostos e as necesidades técnicas, se tamén eran solicitadas. O prazo de solicitude para os concellos estableceuse do 16 ao 31 de marzo de 2026, podendo seleccionar ata cinco espectáculos do catálogo “+Escénicas”, no que presentaron solicitude e participan finalmente nesta edición do circuítio, un total de 50 concellos.



3.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS, DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, PARA A ADQUISICIÓN E REPARACIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS E VESTIARIO PROPIO DE AGRUPACIÓNS MUSICAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026 (Exptes. 2026001825 e 2026001828)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro, para a adquisición e reparación de instrumentos musicais e vestiario propio de agrupacións musicais da provincia para o ano 2026, publicadas no BOPPO núm. 95, de 21 de maio de 2026. A finalidade destas axudas é reforzar e favorecer a calidade musical das nosas agrupacións musicais co fin de que poidan incrementar a actividade cultural no noso territorio. As entidades poderán optar a dúas liñas de actuación: a liña 1, para a adquisición de equipamento musical e vestiario e a liña 2, para a reparación de equipamento musical e vestiario, presentando unha única solicitude por cada unha delas. A contía da subvención concedida non poderá exceder o 75% do orzamento total presentado e o importe máximo que poderá percibir cada entidade beneficiaria será de tres mil euros (3.000,00 €).

Estas subvencións convócanse con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/330.3340.789.00 e 26/330.3340.489.05 por un importe total de trescentos mil euros (300.000,00 €), repartidos en douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €) para a liña 1 e cincuenta mil euros (50.000,00 €) para a liña 2. As solicitudes presentaranse mediante o formulario dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, acompañado dunha memoria explicativa e detallada. O prazo de presentación de solicitudes remata o 22 de xuño de 2026.

4.- DAR CONTA DOS CONCELLOS PARTICIPANTES NO PROGRAMA DE CONTACONTOS ILUSTRADOS “AS LETRAS DE BEGOÑA CAAMAÑO 2026” (Expte. 2026033246)

O presidente dá conta da aprobación de relación de concellos participantes no programa de contacontos ilustrado e musicados “As letras de Begoña Caamaño 2026”, do que as bases foron aprobadas pola Resolución presidencial 2026003473 do 4 de maio de 2026 e publicadas no BOPPO núm. 82, do 4 de maio de 2026, por un orzamento de dezaioito mil oitenta e nove con cincuenta euros (18.089,50 €), financiados a través do correspondente contrato de servizos coa entidade adxudicataria. Este programa ten por finalidade achegarlles aos concellos da provincia a figura de Begoña Caamaño, escritora e xornalista homenaxeada nas Letras Galegas 2026, recoñecendo o seu labor na normalización lingüística e o seu legado como unha das voces máis relevantes e comprometidas da literatura galega contemporánea.

Nas bases establecíase que o criterio de concesión da actividade, de balde para os concellos, sería por rigorosa orde de entrada a través da Sede electrónica no Rexistro da Deputación de Pontevedra, entre os días 4 e 11 de maio de 2026, ampliadas ata o día 12 do mesmo mes pola Resolución presidencial 2026003736 do 11 de maio de 2026, resultando a seguinte relación de concellos beneficiarios da actividade e a lista de reserva:



	DATA DE REXISTRO	CONCELLO
1	04/05/2026	LALÍN
2		CERDEDO COTOBADE
3		MOAÑA
4		BUEU
5		VILAGARCÍA DE AROUSA
6		TOMIÑO
7		MORAÑA
8		SOUTOMAIOR
9		VILA DE CRUCES
10		COVELO
11		PONTE CALDELAS
12		FORCAREI
13		MEIS
14		MOS
15		CANGAS DE MORRAZO
16		RIBADUMIA
17		GROVE, O
18		ARBO
19	05/05/2026	MONDARIZ BALNEARIO
20		PORRIÑO, O
21		POIO
22		RODEIRO
23		GONDOMAR
24		PONTECESURES
25		AGOLADA
26		GUARDA, A
27		ESTRADA, A
28	06/05/2026	NIGRÁN
29		VALGA
30	07/05/2026	ROSAL, O
31		OIA
32	08/05/2026	BAIONA
33		VILANOVA DE AROUSA
34		PONTEAREAS
35		SILLEDA



	RELACIÓN DE CONCELLOS	EN LISTA DE RESERVA
36	11/05/2026	NEVES, AS
37		BARRO
38		ILLA DE AROUSA, A
39	12/05/2026	PORTAS
40		PAZOS DE BORBÉN

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:35 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

